

## Febreiro

L	M	M	X	V	S	D
	1	2	3	4	5	
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28					

## Maio

L	M	M	X	V	S	D
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30	31				

## Marzo

L	M	M	X	V	S	D
	1	2	3	4	5	
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30	31		

## Xuño

L	M	M	X	V	S	D
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30		

## Abril

L	M	M	X	V	S	D
					1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30



Estás a agardar un ou unha peque e teslle apego á lingua?  
Parabéns por partida dupla! No Concello da Coruña, a través do Servizo de Normalización Lingüística, queremos que formes parte do programa Apego, un espazo para compartir, para encontrar e encontrarse, aberto a calquera iniciativa que contribúa aos fins do proxecto, para axudarnos á socialización en galego.

Podedes pasar polo Servizo de Normalización do Concello da Coruña para inscribivros no proxecto Apego e así recibirdes información sobre o programa... e un agasallo de benvida!

Máis información en:  
[www.coruna.gal/lingua](http://www.coruna.gal/lingua) e <http://apego.gal>

Contacta connosco para vérmonos:  
**Servizo de Normalización Lingüística**  
Centro Ágora, lugar da Gramela, 17, 15010 A Coruña

Tel.: 981 189 888, exts. 34310 / 34311 / 34333  
Correos: [lingua@coruna.gal](mailto:lingua@coruna.gal) e [inscricionslingua@coruna.gal](mailto:inscricionslingua@coruna.gal)

[facebook.com/normalizacioncoruna/](https://www.facebook.com/normalizacioncoruna/)  
Instagram: [@lingua\\_corunha](https://www.instagram.com/lingua_corunha)



Na Coruña  
témoslle Apego  
á lingua!

Programación para a primavera de 2023



CONSELLERÍA DE  
CULTURA, EDUCACIÓN  
E UNIVERSIDADE

## "Corochas", de Xarope Julú



+3  
anos

**Martes 28 de febreiro,**  
dous pases: 17.00 e 18.30 h (40 min)

Corochas, coscas ou cóxegas: sensación que experimentamos cando nos tocan algunhas partes do corpo e que se manifesta nun riso involuntario. Contos, cancións, xogos...

*Inscrición a partir do venres 24 de febreiro, ás 10.00 h*

## "Periplo Atlántico, unha homenaxe a Castelas", de Polo Correo do Vento



4-6  
anos

**Martes 18 de abril,**  
dous pases: 17.00 e 18.30 h (50 min)

Contaconto ilustrado e musicado e obradoiro de debuxo. Panchito é o único pingüín que vive na Coruña, aínda que é feliz e ten moitas amigas decide marchar á Antártida.

*Inscrición: a partir do venres 14 de abril, ás 10.00 h*

## "Bichocas", de Xarope Julú



+3  
anos

**Martes 7 de marzo,**  
dous pases: 17.00 e 18.30 h (40 min)

Os obxectos e a palabra farannos viaxar a través do mundo animal. Traballaremos sobre a diversidade e a importancia de compartir coas demais persoas os afectos.

*Inscrición: a partir do venres 3 de marzo, ás 10.00 h*

## "O universo de dona Pega", de Estibaliz Espinosa



+3  
anos

**Venres 28 de abril,**  
dous pases: 17.00 e 18.30 h (60 min)

Fábula sobre iniciación á astronomía de observación, o ceo nocturno, as estrelas... Lectura do libro, proxección e obradoiro de colaxe con Mariaxe Colaxe.

*Inscrición: a partir do venres 21 de abril, ás 10.00 h*

## "Fios do querer", de Cé Orquestra Pantasma



+3  
anos

**Martes 14 de marzo,**  
dous pases: 17.00 e 18.30 h (60 min)

Tecendo coas agullas máxicas dos aloumiños e primeiras experiencias compartidas medrou Fios do querer, envoltorio agarimoso para xogar e cantar coas crianzas de colo.

*Inscrición: a partir do venres 10 de marzo, ás 10.00 h*

## "Feira das sementes", de Babaluwa



4-6  
anos

**Martes 9 de maio,**  
dous pases: 17.00 e 18.30 h (45 min)

A feira máis pequena do mundo onde nada se vende e as sementes se trocan por un conto, unha canción ou unha adiviña. Monicreques con fabas, garavanzos e centeo.

*Inscrición: a partir do venres 5 de maio, ás 10.00 h*

## "Casa, casaña, casona", de Marta Ortiz



+3  
anos

**Martes 21 de marzo,**  
dous pases: 17.00 e 18.30 h (40 min)

A casa é o símbolo do colo amoroso que nos acolle nos primeiros anos de vida, que nos arrola, abraza e protexe. O centro do mundo na primeira infancia con portas, ventás...

*Inscrición: a partir do venres 17 de marzo, ás 10.00 h*

## "Xogos musicais coa palabra", de Babaluwa



2-3  
anos

**Martes 30 de maio,**  
dous pases: 17.00 e 18.30 h (60 min)

Buscaremos recursos sonoros para o conto de monicreques "Garavanciña e o esquío". Crearemos os sons con voces, instrumentos, chapas e obxectos cotiáns.

*Inscrición: a partir do venres 26 de maio, ás 10.00 h*

## "Barquiño de pau", de Tropa de traps Auditorio



+3  
anos

**Martes 28 de marzo,**  
dous pases: 17.00 e 18.30 h (40 min)

Teatro e música para explorar os sentidos. Brincaremos coa imaxinación recreando animais con obxectos, o mar con teas ou medusas con paraugas.

*Inscrición: a partir do venres 24 de marzo, ás 10.00 h*

## "Nube, nube, sol", de Teatro ó cubo Auditorio



+3  
anos

**Mércores 7 de xuño,**  
dous pases: 17.00 e 18.30 h (45 min)

A natureza esperta para encherse de cores. Atoparemos agocho e cantaremos para sermos parte da paisaxe na que a choiva é importante para que todo medre.

*Inscrición: a partir do venres 2 de xuño, ás 10.00 h*

## "Arrolas de salitre", con Faia Díaz e Guillerme Fernández



+3  
anos

**Martes 11 de abril,**  
dous pases: 17.00 e 18.30 h (45 min)

Melodías tradicionais para aproveitar o poder emocional das nanas e cantos de berce ao arrolar bebés e transmitírmolles o apego á nosa lingua e música.

*Inscrición: a partir do mércores 5 de abril, ás 10.00 h*

**As actividades desenvolveranse nas aulas ou auditorio do Centro Ágora. Unha persoa adulta acompañará a crianza. Máis info e inscricións (só para a crianza) de balde en [coruna.gal/lingua](http://coruna.gal/lingua)**